


Nº 9



Sumario

Título	Autor	Páxina
Editorial.		3
Que son os Dereitos Humanos?	Redacción.	4-5
O Auga, un Dereito.	Guillermo Grego.	6
Cambia.	Gael Sande Avendaño.	7
Govi.	Alexandre Doucin, María Ríos e Fátima Ruiz.	8-9
Xentrificación do Casco Vello.	Rede de mulleres veciñais contra os malos tratos de Vigo.	10
Prisión e Dereitos Humanos.	Grupo de Apoyo Galiza Sur á Campaña CÁRCELE-TORTURA.	11
A Rede de Escolas polos Dereitos Humanos de Amnistía Internacional.	Ánxelos Bouzó F.	12
Declaración Universal dos Dereitos Animais.	APA OS BIOSBARDOS, Refuxio Ponteareas.	13
Direito de Autodeterminaçom: A Vontade dum Povo e a Negaçom Práctica.	Centro Social LUME!	14
O Medio Ambiente como "Dereitos Humanos".	Serxio Regueira Gómez.	15
Portada.	Araceli.	
Almanaque.	Bort.	

0.50€

nº9

Decembro-2013

COLABORA CONNOSCO!

aboia.info

revistaaboia@gmail.com

Locais de distribución:

Café Bizarre (Vigo), Ferriñas (Vigo), Irmandiños (Vigo), De 4 a 4 (Vigo), Mercado da Tía Ni (Sabarís), Café Uff (Vigo), Cova dos ratos (Vigo), Bar Hipólito (Vigo), Tetería Rosalinda (Vigo), Bar Princesa (Vigo), Taberna do Jefe (Cangas), La bolera (Moaña), Rañolas Café (Gondomar), Casa Colorida (Nigrán), LS Faísca (Calvario), CS Fuscalho (A Guarda), Detrás do Marco (Vigo), Edra (Vigo).

Tirada do número anterior: 192 exemplares.

A boia por Revista A Boia atópase baixo unha Licencia Creative Commons Atribución-NoComercial-CompartirIgual 3.0 Unported.



EDITORIAL

O pasado 27 de outubro, a peridista de "La Sexta" Ana Pastor entrevistou ao ministro Miguel Arias Cañete (o ministro de Alimentación que come iogures "caducados"). Nun momento dado, Ana Pastor tocou o tema de actualidade naquela semana: "este goberno podería facer algo sobre a sentencia de Estrasburgo sobre a Doutrina Parot?". O ministro tentou evadirse apelando as propostas de modificación do Código Penal que fixeran os "populares" nos anos 80 e 90, para suprimir a reducción de penas por beneficios penitenciais. A periodista, non entendeu ou non quixo entender esta saída e voltou a carga: "pero ministro levan dous anos con maioría absoluta!". Acorralado, Arias Cañete, que é licenciado en Dereito, explicoulle a periodista, que non, que a situación actual é inevitable xa que "as leis non teñen efecto retroactivo!".

O ministro coñecía o Artigo 11.2 da Declaración Universal dos Dereitos Humanos, que é básicamente o mesmo que dí o Artigo 7 do Convenio Europeo de Dereitos Humanos e o Artigo 1 do Código Penal do Estado Español. É cousa de sentido común, as leis non poden ter efecto retroactivo.

Durante 90 meses no estado español violouse este derecho fundamental da humanidade e, prácticamente, ningúén denunciou. A opinión pública caeu baixo o silencio de chumbo do "pacto terrorista". Arias Cañete (o ministro de Alimentación que come iogures "caducados" porque

sabe que as datas de "caducidade" son exaseradas, pero non fai nada para arranxalo), ainda que sabía de dereitos humanos, non dixo nada. Tampouco dixeron nada os seus compañeiros do "bipartidismo". Nen os medios de comunicación maioritarios. Poucos foron as políticas, ou as membros da sociedade civil, que alzaron a voz sobre este asunto. Apenas si foron as compañeiras das persoas presas directamente afectadas pola Doctrina Parot as que denunciaron. A eles é a quenes lles debemos a nosa liberación; gracias a súa loita, toda a poboación do estado español recuperou un dos seus dereitos fundamentais.

Cando un Estado viola os dereitos humanos de xeito sistemático; cando os cargos políticos, compórtanse coa hipóresia aintihumana de Arias Cañete, á cidadanía xa so lle queda unha opción: exercer de seu o artigo nº 28 a Declaración Universal dos Dereitos Humanos, que di que todos temos derecho a que se "estableza unha orde social e internacional no que os dereitos e liberdades fáganse plenamente efectivos".

DEMOCRACIA FRONTE "OS MERCADOS"
MOBILIZAR + CONVERXER + CONSTRUIR
PENSA + ACTÚA + ORGANÍZATE

QUE SON OS DEREITOS HUMANOS?

Redacción.

Os dereitos humanos son unha convención social que proclama a dignidade de todas as persoas en base a unha única razón: a súa condición humana.

Así, de forma xurídica, defínese a relación de cada individuo e colectivos coa sociedade universal á que pertencemos, fixando uns criterios fundamentais que aseguren a dignidade, liberdade e realización de todas as persoas por riba de condicionantes particulares (orixe, sexo, cultura,...)



COMO SE ENUNCIAZ OS DEREITOS HUMANOS?

A existencia duns dereitos para todas as persoas aparece unha vez a concepción humanista da realidade desterrou á relixiosa. Inicialmente, este "humanismo" só abrangía a unha minoría (quedaban fóra as mulleres, os pobos considerados "inferiores" ...), e ainda hoxe en día non está assumido universalmente.

Haberá que esperar á fin da II Guerra Mundial para comezar a enunciar os dereitos humanos dun xeito universal. En 1948, a Asemblea Xeral da ONU formularon a "Declaración Universal dos Dereitos do Home" (DUDH).

CRÍTICAS Á DECLARACIÓN UNIVERSAL DOS DEREITOS HUMANOS.

- Non Pluralidade A DUDH, aínda que se pretende universal, é filla do seu

tempo e dos seus pais, os Estados-Nacións que venceron na II G. M. Daquela, a maior parte do mundo era unha colonia dos países occidentais... así na DUDH non se recoñece o dereito a autodeterminación dos pobos.

- Androcentrismo O texto da Declaración de 1948 mudou o nome, pasando a ser a "Declaración Universal dos Dereitos Humanos".

"A "Declaración Universal de Dereitos Humanos Emerxentes", fixose tendo en conta as propostas, non dos estados-nación, senón das persoas, da sociedade."

- Defensa do Estado-nación por riba de todo No s XXI, tamén se ten centrado a visión nos axentes que enuncian os dereitos humanos. A "Declaración Universal de Dereitos Humanos Emerxentes", fixose tendo en conta as propostas, non dos estados-nación, senón das persoas, da sociedade.

CALES SON OS DEREITOS HUMANOS?

Na DUDDH se recolleron moitos dos dereitos humanos básicos:

- Á vida e a integridade física.
- Á presunción de inocencia, a igualdade ante a lei, a un xuízo xusto e á non aplicación retroactiva das leis.
- Á liberdade de conciencia e expresión.
- Á liberdade de asociación, sindicación e participación política.
- A ter condicións de vida dignas (alimentación, vivenda, vestido, saúde, asistencia médica,...).

- Ao traballo, á seguridade social e ao descanso.
- Á educación fundamental gratuíta...

COMO SE GARANTER OS DEREITOS HUMANOS?

Trala DUDH demostrouse deseguido que a simple enunciación dos dereitos humanos é insuficiente para conseguir a dignidade das persoas; é preciso unha acción social e política. Por esta razón a ONU iniciou un proceso para que existise un mecanismo vinculante.

- En 1966, enunciáronse os "Pactos Internacionais polos Dereitos Económicos, Sociais e Culturais" (PIDESC) e o "P. I. polos Dereitos Civis e Políticos" (PIDCP) nos que por fin, entre outras cousas, a ONU recoñecía o dereito á autodeterminación dos pobos e a prohibición da pena de morte. Estes pactos entre os Estados inclúian uns protocolos para garantir o cumprimento dos dereitos humanos dentro dos seus territorios.
- Non foi até 1976 en que por fin certo número de estados aceptou asumir os pactos. Aínda hoxe en día grandes países como EE.UU, China, Pakistán, Sudáfrica, ..., non os asinaron.

"A violación dos dereitos humanos é sistemática e continuada. Na maioría dos casos son os Estados os que violan os dereitos humanos."

QUEN VIOLA OS DEREITOS HUMANOS?

En xeral a violación dos dereitos humanos é sistemática e continuada. Na maioría dos casos son os Estados os que violan os dereitos humanos:

- No ano 2012, os estados executaron polo menos 682 persoas e outras 1722 foron condeadas.
- No estado español hai máis de 30.000 "persoas sen teito". En 2012 houbo máis de 32.000 desafiuazamentos de

primeira vivenda; arredor de 2.500 destes fixérónse mediante a forza policial.

- Moitos países da UE teñen prohibida a unión civil e a adopción para os homosexuais (Italia, Polonia, Grecia, ...). Actualmente en 76 países do mundo está penalizada a homosexualidade, chegando nalgúns casos á pena de morte e cadea perpetua.
- No mundo hai 842 millóns de persoas famentas e perto de 60 millóns de menores sen poder ir á escola primaria.
- Entre 1995 e 2013 o Estado español aplicou retroactivamente a "doutrina Parot" a máis de 80 persoas presas.
- Só no concello de Vigo hai 40.000 persoas que teñen comprometidas as súas necesidades materiais pola falla de traballo ou dunha renda básica.



QUE PODES FAZER TI?

Denuncia e visibiliza todo tipo de violacións de dereitos dos que teñas coñecemento, non só dos recollidos na DUDH, senón tamén de calquera cousa que ti vexas que vulnera a dignidade das persoas. Participa en campañas e iniciativas que pretendan a protección e recoñecemento dos dereitos humanos, e o enfrentamento e a denuncia de quien non os respecta. Insírete nalgunha/s das organizacións que traballan neste eido, e/ou organiza as túas propias iniciativas para acadar que os dereitos de cada unha de nós sexa respectado!

O Aуга, un DEREITO.

Guillermo Crego.*

campaña cidadá AUGA PÙBLICA PARA VIGO



Xentes libres de toda Europa conseguiron por medio dunha gran campaña de 1.857.605 sinaturas que a UE estableza uns obxectivos vinculantes para a consecución dunha cobertura universal da auga en tódolos estados membros, considerando que se debe aumentar a súa contribución á realización universal, tamén fóra do seu territorio, do dereito ao auga e ao seu saneamento. Non pode ser que millóns de persoas áinda non poidan acceder aos servizos da auga.

"Os obxectivos son claros: 1º Garantir uns servizos da auga e saneamento para toda a ciudadanía europea, 2º Non permitir a liberalización dos servizos da auga."

Os obxectivos son claros: 1º Garantir uns servizos da auga e saneamento para toda a ciudadanía europea, 2º Non permitir a liberalización dos servizos da auga e 3º Obter un acceso universal (e global) á auga e ao seu saneamento.

Eiquí tamén creouse xa fai un tempo una campaña cidadá pola Auga Pública en Vigo. A intención da campaña é, 1º por en coñecemento da ciudadanía que o Concello de Vigo, contra o criterio do propio interventor municipal que fixo un informe negativo, decidiu en comisión de goberno ampliar a concesión da auga e

o saneamento á AQUALIA, concesionaria dende 1994 do servizo trala privatización de entón da empresa municipal EMAVISA. 2º Que esta decisión se someta a referendo en defensa dunha volta ao sistema público (en forma de empresa municipal de augas) que abaratase o servizo e promover a eficiencia e o aforro de recursos. Para acadar este obxectivo apélase ao artigo 35 do REGULAMENTO DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ que di: Correspóndeelle ao Concello realizar os trámites pertinentes para celebrar a consulta cidadá sobre materias da súa competencia. Tamén se poderá celebrar consulta cidadá a petición colectiva, asinada por un mínimo de veciños non inferior ao 8% do censo electoral municipal, logo da resolución dos acordos interesados. Todo o que non prevé este artigo regularase conforme ao disposto na lexislación estatal ou da Comunidade Autónoma, especialmente a Lei Orgánica 2/1980 de 18 de xaneiro, regulamentadora das diferentes modalidades de referendo.

Anímos a que colaboredes na consecución dasinaturas, RECUPEREMOS O QUE É

NOSO!! NON A PRIVATIZACIÓN DO SERVIZO DO AUGA!!

As follas de recollida de sinaturas e máis información as tedes na seguinte páxina:
<http://augapublica.blogspot.com.es>

*Membro de Democracia Real Xa Vigo.

XENTRIFICACIÓN DO CASCO VELLO.

Angel Jodorkovski.

A xentrificación é un proceso de transformación urbana que dá lugar á rexeneración de barrios abandonados polas institucións. No recoñecemento deste proceso temos que ter en conta varios eixes: abandono, revalorización e chegada de capital privado. Así temos un área da cidade tradicionalmente en estado de abandono por parte das institucións, provocando unha sensación de inseguridade dentro desta para o resto da cidadanía. A continuación teñen lugar políticas orientadas a unha rehabilitación desas áreas facendo que resulte atractiva a entrada de capital, o que provoca a substitución da poboación dessa área (de poucos recursos) por outra de maior poder adquisitivo atraída polas novas oportunidades e a nova posta en valor do barrio.



Foto: Septem Trionis.

Este proceso pódese observar no barrio do Casco Vello, o cal sufriu o abandono durante anos por parte do concello provocando unha degradación dos tecidos sociais, facendo esta área nada atractiva para o resto da veciñanza. Hoxe,

o Consorcio do Casco Vello está a impulsar políticas de rehabilitación do barrio a través da compra de inmobles e locais que, tras a súa recuperación, ofréncense a baixo custe co obxectivo de facer o barrio máis atractivo ao consumo e ao resto da poboación. Pero isto ten un dobre fío, xa que o fin é facer atractiva a entrada de capital privado, construtoras e axentes financeiros, os cales procurarán facer negocio especulativo co barrio.

"O concello pechou Sereos, un centro de atención a drogodependentes que ficaba na rúa Elduayen, co pretexto de falta de presuposto."


Estas políticas producen o desprazamento das persoas con menos recursos como é o caso dos drogodependentes e as prostitutas. Deste xeito, o concello pechou Sereos, un centro de atención a drogodependentes que ficaba na rúa Elduayen, co pretexto de falta de presupuesto. Máis lonxe da realidade, instalouse unha unidade móvil que rematou integrándose no albergue de Marqués de Valterra. Isto deixa claro os intereses económicos que existían nesta decisión política do peche. Outra medida é o labor que se está facendo coa compra de prostíbulos na Ferrería, o cal non supón unha solución real para as prostitutas, que se verán na obriga de desprazarse a outras zonas que non se constitúen como atractivas para o turismo e ao proceso de tercierización que queren fomentar na cidade.

GOVI

Á busca dos restos da balea mecánica.


é un soño conxunto
debuxado por Alexandre Doucin
escrito por María Ríos e Fátima Ruiz.

ENTREGA 4 de 5



O pel da balea é unha das partes mais prezadas, xa que sirve como folla para a realización de conservas.

Asi pois, Govi servirá para que a Massó manufacture latas para alimentar a milleiros de persoas.



As latas de conserva fabricadas a partir de cetalonita, contan con dúas características máxicas:

A primeira é que o sabor e propiedades do contido cambian segundo os deseños do consumidor.

A segunda, é que (sempr e cando nunca se levan lonxe da ría que a balea escolleu para metamorfosearse) o contido das las latas pode ser infinito.

							Manifestación Nunca Máis, Saída ás 12 hrs. Prz. España	1	
2	Ciclo de cine clásico: Ava Gadner, no Castro a Castro á 18:30.	3	4	Concerto "Os da ría", n'O Fusalho á 21 hrs. Socias 3 euros, non socias 4/6 euros	5	6	Xantar solidario Protectora de animais Tui, na Cova dos Ratos á 14 hrs.	7	8
9		10	11		12		Xantar solidario A Ría non se vende, na Cova dos Ratos á 14 hrs.	14	15
16		17	18		19		Xantar solidario en apoio a presxs en loita, na Cova dos Ratos á 14:30 hrs.	21	22
23		24	25	Documental sobre Islandia. "Potas, tixolas e outras solucións", na Cova dos Ratos á 20 hrs	26		Obradoiro de cociña vegana, na Cova dos Ratos á 10:30 hrs., precisa preinscripción	28	29
30		31							



CAMBIA.

Gael Sande Avendaño.*

Ano 1992 en San Francisco (EUA) nace a Masa Crítica, un movemento en defensa do ciclista urbano e, de forma máis xeral, de promoción da bicicleta como medio de transporte. O seu máximo promotor, Chris Charlsson, é un dos gurús actualmente más importantes do mundo do ciclismo urbano.

Chris Charlsson dá exemplo nas súas conferencias de cómo se debe falar en público, de como explicar unhas ideas de base sobre a movilidade dende a tranquilidade que dá a razón, sen alardes, sen exaceracións, de forma clara e concisa.

"A crise do petroleo dos anos 80 fixo que Alemania e Holanda apostaran pola bicicleta como medio de transporte."

Mais o Chriss Charlsson non estivo nos comezos da Masa Crítica, alá polo ano 1992, exposto aos insultos e a neglixencia das autoridades. A Masa Crítica en San Francisco, primeira Masa Crítica do mundo, comezou sendo un deses eventos perseguidos. Era común que a policía se levase detidos a todas aquelas persoas que se atrevían a participar no mesmo. Subir a unha bicicleta volvía ser un acto de REBELDÍA que levaba á policía a chegar a deter a eses PERIGOSOS INDIVIDUOS que levaban a "liberdade" a unha forma de expresión real sen participar só da súa vertente teórica. O efecto chamada da inxustiza fixo aumentar o número de participantes dunha forma vertiginosa. Apareceron novos reductos Masa Críticos

en cidades como Nova Iork ou Los Angeles que enseguida se transmiriton á vella Europa, moito más afeita ao uso das dúas rodas e motor humano pero que se fora deixando levar pola presión da industria automobilística nos anos 70 e 80. Sería a crise do petróleo dos anos 80 a que desembocou na transformación das sociedades holandesa e alemana e a que por fin fixo que os propios gobiernos destes países remataran por apostar definitivamente pola bicicleta como medio de transporte para reducir a factura petroleira destes países.



Destas historias dedúcense algunas ensinanzas: os cambios son sempre traumáticos incluso cando a través deles se alcanzan cotas de calidad de vida superiores. Xa que logo existen dous tipos de crises nas nosas vidas: as que nos serven para cambiar e as que só serven para autocompadecernos. Nas túas mans está a elección en que grupo prefires estar.

Masa Crítica de Vigo. Último venres de mes ás 20h na Praza de América, entrada IES Santa Irene (Vigo).

* Membro de Masa Crítica Vigo.

PRISIÓN E DEREITOS HUMANOS.

Grupo de Apoio Galiza Sur á Campaña CÁRCERE=TORTURA.

Cantas veces nos dixeron que o Estado garante os nosos dereitos sociais, sindicais, humanos...

Non fai falla ir moi lonxe para saber que é falso, que o único dereito que temos é o de ser pobres ou o de ser persoas obedientes e disciplinadas. Se non cumpres co teu dereito de cidadá/án obediente, ou cuestionas estes dereitos, acabáronse os teus anos como persoa que anda pola rúa en suposta liberdade.

E se na rúa nos golpea, nos humillan, nos enganan? Que acontecerá nas prisións? Onde se construíron altos muros de formigón, arames de espinas, cámaras de videovixilancia, portas automáticas, cristais blindados, camas de suxeición mecánica, galerías de illamento...

"A tortura practícase de xeito sistemático nos lugares de encerro que rexenta o Estado. Alí os dereitos humanos brillan pola súa ausencia."

Acontece o que xa sabemos, o que moitas denunciaron, o que denunciou o Tribunal Superior de Dereitos Humanos de Estrasburgo: a tortura practícase de xeito sistemático nos lugares de encerro que rexenta o Estado. Alí os dereitos humanos brillan pola súa ausencia: nin educación, nin sanidade, nin liberdade de expresión ou pensamento. Falta o trato respectuoso e digno ás persoas. Os dereitos recollidos tanto na Declaración Universal como na Carta Europea, son simplemente papel, ánda peor, papel mollado que nin para acender un lume serven.

Nada temos que agardar dunha máquina que foi deseñada e ideada como forma de control da poboación. As Cartas,

Constitucións... son maquillaxe que empregan para despistarnos, adornar un réxime de terror que ven de lonxe.

Nas cárceres, nas rúas, temos que cobrar conciencia de que somos pobo. Os lazos sociais comunitarios destruídos por un capitalismo salvaxe deben ser recuperados e as cidades tóxicas e as súas industrias reformuladas.




Foto: Emilio García.

Rebelarnos e apoiar aos que se rebelan, construir solidariedade, derrotar a avaricia, o egoísmo individualista que fomenta o Capital é o camiño para fortalecer unha nova sociedade que xa existe hoxe en día na práctica subversiva, no amor anticapitalista.

SOLIDARIEDADE COAS PERSOAS PRESAS.

POLA DESTRUICIÓN DO CAPITAL E A SÚA DOMINACIÓN.

noestansolxs@gmail.com

<http://www.carceligualtortura.org/>

A REDE DE ESCOLAS POLOS DEREITOS HUMANOS DE AMNISTÍA INTERNACIONAL.

Ánxel Bouzó F.*

Hai catro anos Amnistía Internacional (AI) comeza un novo proxecto: levar o activismo en favor dos Dereitos Humanos (DDHH) á educación. Nace a Rede de Escolas polos DDHH. Na provincia de Pontevedra hai neste momento 15 centros educativos adscritos á mesma, dependentes do grupo local de AI en Vigo.

"Trátase de involucrar e concienciar á mocidade na defensa dos dereitos humanos e facelos coñecedores de realidades que non aparecen nos medios de comunicación."

Trátase de involucrar e concienciar á mocidade na necesidade da defensa destes dereitos e facelos coñecedores de realidades que non aparecen nos medios de comunicación nin nos libros de texto. O alumnado participa nas campañas propostas, na recollida de sinaturas, charlas, exposicións, recibindo e manexando información...

A campaña actual céntrase na crise en España e nos recortes, tanto no social como na liberdade, que está supoñendo: a vivenda, a sanidade, a educación, a falta de liberdade.

A Declaración Universal dos Dereitos Humanos é unha utopía, o feito de que algún día se cumpla en todo o mundo non é crible, pero, que sucedería se ningunha persoa levantara a voz ou puxera en evidencia as desfeitas?, se ningunha loitara malia todo en defensa da xustiza, da igualdade... dos dereitos fundamentais? Como dicía Gandhi, "o peor ante o mal é o silencio da xente boa".

O sistema educativo tería que involucrarse. Os dereitos fundamentais e os deberes que conlevan deberían estar presentes e practicarse na realidade dos centros. A materia que máis se achega de forma

teórica a isto é a de Educación para a Cidadanía que desaparecerá en breve dado que non se considera importante! Pero hai moito profesorado implicado que busca ferramentas porque concibe a educación doutro xeito, a Rede de Escolas polos DDHH é unha delas.



Un grupo de alumnos e alumnas, dun instituto de Vigo, colabora nun acto de rúa contra a pena de morte.

Todo isto sen esquecer que a maneira natural que temos de aprender é a da imitación, polo tanto, para que a sociedade do futuro aprenda a defender os dereitos propios e alleos, o mellor é que a sociedade de hoxe poña en práctica esa loita.

Se pertences á comunidade educativa dalgún centro e che interesa esta proposta ten información no seguinte enlace:

www.es.amnesty.org/redescuelas/

*Educación AI-Vigo.

DECLARACIÓN UNIVERSAL DOS DEREITOS ANIMAIS.

APA OS BIOSBARDOS, Refuxio Ponteareas.

A pesar da existencia dunha Declaración Universal dos Dereitos Animais proclamada no ano 1977 pola Liga Internacional dos Dereitos do Animal e posteriormente aprobada pola ONU e a UNESCO, día a día coñecemos novos casos de violacións destes dereitos supostamente universais para todos os animais. Lembramos aquí uns anacos desta Declaración e animámoste a defendelos na realidade más próxima, denunciando os casos de maltrato ou abandono dos que teñas coñecemento, esixindo no teu concello unha recollida e trato digno para os animais abandonados e, por suposto, non mercando animais, senón adoptando ou acollendo un animal das Protectoras de Animais da túa zona.

"Animámoste a defendelos dereitos animais na realidade más próxima, denunciando os casos de maltrato ou abandono dos que teñas coñecemento."

"O respecto do home polos animais vai unido ao respecto dos homes polos seus semellantes, a educación ten que ensinar dende a infancia a observar, comprender e querer a todos os animais da Terra.

- Artigo 1: Todos os Animais nacen iguais ante a vida e teñen os mesmos dereitos á existencia.
- Artigo 2: Todo Animal ten derecho ao respeito. O home, en tanto que especie animal, non pode atribuírse o derecho a exterminar outros animais ou explotalos violando ese derecho.
- Artigo 3: Ningún Animal será sometido

a malos tratos nin a actos crueis.

- Artigo 5: Todo Animal pertencente a unha especie que viva tradicionalmente no ámbito do home, ten derecho a vivir e medrar ao ritmo e en condicións de vida e de liberdade que sexan propias da súa especie. Toda modificación do devandito ritmo ou as devanditas condicións que fose imposta polo home con fins mercantís é contraria a ese derecho.
- Artigo 10: Ningún Animal debe de ser explotado para esparexemento do home. As exhibicións de animais e os espectáculos que se serven de Animais son incompatibles coa dignidade do Animal.
- Artigo 13: Un Animal morto debe ser tratado con respeito."



<http://protectoraosbiosbardos.org>

Telf: 600356891

(10:00-13:30)(16:30-20:00)

DIREITO DE AUTODETERMINAÇÃO: A VONTADE DUM POVO E A RELAÇÃO PRÁTICA.

Centro Social LUME!

Os direitos humanos non fórom regalados polas classes dominantes. Fórom, pola contra, as classes oprimidas e a sua luta por umhas condicóns de vida dignas quem pressionárom para a articulaçom da Declaraçom dos Direitos humanos e os Pactos Internacionais dos Direitos Humanos.

"Non existem como tal os direitos individuais. Os direitos humanos son direitos coletivos na práctica, que só existem numha pessoa enquanto a outra também desfruta do mesmo."

Cumpre destacar que non existem como tal, com essa visom individualista própria do capitalismo, os direitos individuais propriamente ditos. Os direitos humanos (direito à vivenda, à vida, ao trabalho digno, a liberdade de expressom, de reuniom, de viver na propia lingua, ...) som direitos coletivos na práctica, pois o ser humano é un ser social e estes direitos existen numha pessoa enquanto a outra também desfruta do mesmo. Do contrario, que sentido tenhem?

Mas, alén disto, a propia organizaçom das persoas, organizadas como povo diferenciado, posseum o direito a decidir, a autodeterminar-se ou a determinar-se libremente. Esse é o nosso caso, o galego, o da Galiza, inserida num conflito que leva a concretar este direito universal e inalienável mediante as sucessivas lutas. Pois a nossa naçom, como o resto, nasce dumha relación dialética entre a vontade subjetiva e as condicóns objetivas que a sustentan.

A vontade do nosso povo leva séculos existindo e reivindicando algo que se

evidencia aceitado á força pola burguesia dos Estados opressores, o direito a decidirmos sobre os nossos asuntos. Isto é assim porque a teoria é desvirtuada e negada na práctica.

A autodeterminação é impossivel sem auto-organizaçom. Só nós, os galegos e galegas, mediante organizaçons políticas, vicinais, sociais, feministas, culturais, desportivas, através da construçom de centros sociais autogestionados, onde se defende e normalice a nossa língua, onde se recupere a nossa cultura e tradiçom popular, onde se divulgue a história do nosso país, onde se socialize a simbologia nacional, onde se construa um exemplo de auto-organizaçom popular, podemos dar a primeira mostra de que podemos decidir e tornar real un direito escrito en papel molhado.



O MEDIO AMBIENTE COMO “DEREITOS HUMANOS”.

Serxio Regueira Gómez.*

No século XVIII, na: “Asamblea Nacional Constituyente dos Estados Xerais (clero 291, nobreza 250 e terceiro estado o burguesía 577), reunida ao toque do rei Luís XVI, (1.118 deputados) nacía “A Declaración dos Dereitos do Hombe e o Cidadán de 1789”, a primeira xeración dos dereitos humanos con carácter de universalidade.

A segunda xeración nace coa Declaración Universal de Dereitos Humanos de 1948 e inclúe entre outros o dereito á saúde, ao benestar, a unha vida digna ou á alimentación.

Na medida en que a sociedade evoluciona, son mais as necesidades dunha maior protección, polo tanto amplíase e posibilita a reivindicación da dignidade humana.

A Declaración das Nacións Unidas sobre o Medio Ambiente Humano suscrita en Estocolmo 1972, xa establece un dereito do ser humano a: “condicións de vida satisfactorias en un ambiente no que a calidade lle permita vivir con dignidade e benestar”. Ou do “deber solemne de protexer e mellorar o medio ambiente para as xeracións presentes e futuras”. Existen outras declaoracións e, ou, resolucións (reunión mundial de Asociacións de Dereito Ambiental, Limoges 1990; Declaración Conferencia Nacións Unidas Rio de Janeiro 1992; Cumio de Johanesburgo de 2002).

“Non é doadoo dixerir a sentenza sobre a catástrofe do Prestige sen que se declaren responsables directos. Acaso non teñen responsabilidades os que utilizan unha bomba flotante.”

Con tanta declaración, recomendación e lexislado, non é doadoo dixerir a sentenza sobre a catástrofe do Prestige sen que se declaren responsables directos. Acaso non teñen responsabilidades os que utilizan unha bomba flotante, (empresas

armadoras, aseguradoras, as que revisan a seguraza de navegación, etc?). Non teñen responsabilidades os que xestionaron o accidente, Estado Español, capitán marítimo, ministro do ramo, capitán do barco, etc?

Tampouco é doadoo ver como se contamina con verquidos de augas fecais e industriais -sen depuración previa- as rías e ríos do noso territorio, coa compliciada de Concellos, Comunidades Autónomas, Estado Español ou Unión Europea.




Foto: manuelc2005.

O dereito a unha utilización da natureza e a un bo estado medio ambiental forma parte da calidade de vida dos seres humanos e dos dereitos dos cidadáns, tanto a título individual como colectivo, pero tamén a obriga do coidado, preservación e defensa permanente que debe ser por sempre a nosa guía e norte do comportamento como seres humanos.

*Presidente da Plataforma Pola Defensa da Ría de Vigo “CÍES”.

